

A xornada *Creando a nosa empresa, Por onde comezando?* enmárcase no programa de actuación 2015 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- **Foméntase o espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- **Préstase apoio directo** á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



A xornada ten carácter gratuíto.

Prazo de inscrición: ata o 27 de novembro de 2015.

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico en:

Concello de Covelo

Teléfono 986 65 00 27 ou en info@concellodecovelo.es

Rede Eusumo

Teléfono 981 55 80 08 ou en info@eusumo.coop

Máis información en:

981 558 008 info@eusumo.coop www.eusumo.coop



Economía Social

**Creando a nosa empresa,
Por onde comezamos?**



28 de novembro de 2015

CONCELLO DE COVELO

De 10:00 h. – 14:00 h.

Casa do Concello
Praza do Mestre Cerviño, 2.
36872 (Pontevedra).



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

que finalidade ten esta xornada?

Esta xornada pretende ensinar a traballar a proposta de valor dun proxecto empresarial e amosar as **vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa** como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais:

- Traballar a proposta de valor do voso proxecto empresarial.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e particularidades.
- Coñecer os pasos para crear un proxecto cooperativo.
- Mostrar os recursos e ferramentas a disposición do impulso ao cooperativismo.



a quen vai dirixida?



Esta xornada pretende achegar o modelo empresarial cooperativo a **persoas desempregadas e persoas que están a buscar unha alternativa de autoemprego.**

programa

10:00h Presentación da Rede Eusumo

Coordinación técnica da Rede Eusumo

10:10 h Vós tamén podeades ser emprendedores

Daniel Diéguez. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- Factores de éxito para emprender. Por onde empezar.
- Emprender en equipo ou individualmente, qué che interesa máis.

11:00 h Como traballar a vosa idea de negocio?

Daniel Diéguez. Técnico de emprendemento da Rede Eusumo

- O Business Model Canvas: que é e como funciona.
- Utilidade da metodoloxía Canvas a nivel de proxectos ou de individuos
- Satisfai a vosa idea algunha necesidade real.
- Hai xente disposta a pagar polo que ofrecedes.

12:00h Pausa

12:15 h Coñecendo a fórmula empresarial cooperativa da man de socios de cooperativas galegas

- As cooperativas como modelo empresarial: Características e particularidades das cooperativas, entorno cooperativo, principios e valores cooperativos.
- Tipos de cooperativas: escolle a que mellor se adapta as vosas necesidades e expectativas.
- Diferenzas con outras fórmulas xurídicas.
- Quen e como che poden axudar a crear unha cooperativa.
- Como poderías aproveitar as subvencións e incentivos específicos dos que gozan as cooperativas.

Cooperativas participantes:

- Lourdes Enes e Antonia Pereira. PonteBio, S. Coop. Galega
- Vanesa Calvar. Árvore da Vida Celta, S.Coop. Galega
- Daniel Diéguez. Apoio, S. Coop. Galega

14:00h Peché da xornada